

**ORDENANZA FISCAL Nº IL.6 REGULADORA
DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS
ADMINISTRATIVOS E OUTROS SERVI-
ZOS MUNICIPAIS**

NATUREZA E FUNDAMENTO

Artigo 1º.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E OUTROS SERVICIOS MUNICIPAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2º.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da solicitude de prestación de servizos ou a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3º.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, e as Entidades ás que se refire o Artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.

RESPONSABLES

Artigo 4º.

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 5º.

1.- Non estarán suxeitos á Taxa aqueles contribuíntes nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

1ª.- Soliciten compulsa de documentos e certificacións requiridos pola propia Administración Municipal.

2ª.- Obter o beneficio xudicial de pobreza, respecto ós expedientes que deben surtir efectos, precisamente, no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.

3ª.- Volante de empadramento para formalizar matrícula nos colexios, expedición de DNI, presentación en Xefatura de Tráfico, campamentos xuvenís.

4ª. Solicitudes de certificado de empadramento/convivencia/relación de bens) para a) a obtención de Tarxeta sanitaria para pesos en risco de exclusión social, b) Bonificación a pensionistas en subministro de servizos (fenosa, telefónica...), c) Prestacións por desemprego (INEM), d) Comedor social , e)Axudas sociais (libros, comedores escolares, becas de estudos, prestacións por fillos derivados da Seguridade Social, etc), f) Trámites de xustiza gratuita. g) Axudas propias de entidades de iniciativa social.

5ª.- Solicitudes de ata dúas certificacións expedidas pola Alcaldía, Secretaría do Concello ou outro funcionario municipal a quen competa, relativos a documentos ou datos referidos ao ano en curso.

2.- Non se admitirá nesta Taxa beneficio tributario ningún que non veña establecido en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 6º.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e a notificación ó interesado do acordo recaído.

3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementarase nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

Artigo 7º.

A estrutura e contía desta taxa, será a que figura na seguinte:

Ordenanza Reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos municipais

TARIFA

	€
Por cada certificación expedida pola Alcaldía, Secretaria do Concello ou outro funcionario municipal a quen competa, relativos a documentos ou datos referidos ao ano en curso	2,00
Por cada certificación expedida pola Alcaldía, Secretaria do Concello ou outro funcionario municipal a quen competa, relativos a documentos ou datos referidos ó último quinquenio	5,10
Por cada certificación referida aos últimos dez anos	10,20
Por cada certificación referida aos últimos quince anos	15,25
Por cada certificación referida a tempo anterior a 15 anos, devengarase un aumento por cada quinquenio atrasado de	0,75
Por cada solicitude de certificación catastral, de tódolos bens do interesado , do punto PIC (Punto de Información Catastral)	10,40
Por cada solicitude de certificación catastral, descriptiva e gráfica, de cada un dos bens do interesado , do punto PIC	4,15
Por expedición de certificacións, a instancia de parte interesada, sobre datos obrantes no Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis (de natureza rústica ou urbana), por documento expedido	4,15
Fotocopias solicitadas polos interesados de documentación administrativa do ano en curso. (cada folio)	0,05
Fotocopias interesadas polos interesados de documentación administrativa relativa a anos anteriores (cada folio)	0,10
Exemplares Orzamento ou Ordenanzas, por número de fotocopias, cun mínimo de	4,15
Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local	90,00
En cada abono ó servizo de augas	8,35

Celebración de matrimonios civís

	€
Polos servizos de cerimonial para a celebración de matrimonios civís	78,05
Por servizos prestados a máis de 7 km da Casa Consistorial, por cada km.	0,19

Expedientes de petición de declaración de ruínas de edificacións

	€
En rúas de primeira	1.307,20
En rúas de segunda	871,50
En rúas de terceira	653,60

En cada ditame dos técnicos municipais sobre recoñecemento e seguridade de fincas particulares	52,35
--	-------

Documentos urbanísticos

	€
--	---

Proxectos de terceiros:

Fotocopia folla proxecto DIN A4 ou similar, c.u.	0,15
Fotocopia plano proxecto, m ²	3,30

Proxectos municipais:

Folla, c.u.	0,10
Plano, m ²	2,50
Fotocopia documentación administrativa, c.u.	0,10

Bastanteo de poderes

Bastanteo de poderes para licitacións e outros de carácter xeral:	20,80
---	-------

Compulsa documentación xeral

	€
Documentos municipais (por cada unidade)	0,70
Documentación allea ó Concello (por cada unidade)	0,75

Solicitudes cambio titularidade ou de expedición duplicados títulos Licencias Actividades ou Instalacións

	€
1. Pola tramitación de expedientes administrativos de cambio de titularidade (sen cambio de actividade) das licencias de actividades e instalacións concedidas no seu día (inocuas ou clasificadas)	
a) Inocuas	50,90
b) Clasificadas	66,15
Transcorridos dez anos a contar dende a concesión da primeira licenza de actividades ou instalacións:	
a) Inocuas	56,00
b) Clasificadas	76,35
2. Pola expedición de duplicados do título acreditativo de concesión de licenza municipal de apertura (inocua ou clasificada)	
a) Correspondente ós últimos cinco anos:	11,55
b) Máis de cinco anos	23,20

Solicitudes de licenza suxeitas a autorización municipal

	€
a) Solicitud de licenza de vado que non requira realización de obra	45,55
b) Solicitud de licenza de ocupación con mesas e cadeiras	45,55

Solicitudes para tomar parte en procedementos de selección e promoción do persoal incluído na oferta de emprego público

- a) Por cada unha dos grupos A e B..... 31,55 €
b) Por cada unha dos grupos C, D e E..... 17,65 €

Expedientes de contratación e outros.

	€
a) Legalización de firmas pola Secretaria do Concello.	10,20
b) Documento administrativo de cesión de terreos	50,90
c) Expedición de tarxetas de acceso a zonas peonís	10,20

Cando os interesados renuncien ou desistan da solicitude terán dereito á devolución do 100% si se efectúa dentro dos cinco días seguintes á data de entrada no Rexistro. Si se efectuase con posterioridade ó prazo indicando e antes da publicación da lista de admitidos, terán dereito á devolución do 50%. Si se efectúa con posterioridade á publicación da lista de admitidos non terán dereito á devolución algunha.

Cando os interesados soliciten con carácter de urxencia a expedición dalgún documento dos comprendidos en Tarifas, serán incrementadas as cotas resultantes nun 50 por 100.

Subministro do CD do PXOM

- Facúltase á Xunta de Goberno Local para establecer o prezo, relativo ó subministro ó público do CD do PXOM.

O prezo así fixado nunca poderá ser superior o seu custo satisfacéndose a Taxa no momento do subministro do CD.

DEVENGO

Artigo 8º.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.
2. Nos casos ós que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

DECLARACIÓN DE INGRESO

Artigo 9º.

1. A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos condutos ós que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, mais non se lles poderá dar curso sen que se subsane a deficiencia, a tal fin, requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días, aboe as cotas correspondentes; co apercibimento de que, transcorrido este prazo sen efectualo, teranse por non presentados os escritos e será arquivada a solicitude.

3. O importe desta Taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, substituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, do que un dos exemplares se unirá ó escrito e outro á copia que se devolva ó interesado.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 10º.

En todo o relativo á clasificación das infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, estarase ó que dispón a Lei Xeral Tributaria.

ENTRADA EN VIGOR

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2024, comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2005
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 27/12/2007
PUBLICADO BOPPO: 26/12/2008
PUBLICADO BOPPO: 11/02/2013
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2013
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2014
PUBLICADO BOPPO: 29/12/2015

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOPPO: 27/12/2024